

3



Domingo 26 de outubro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

VERNE

Onírica Mecánica (Murcia)

Verne é unha invitación a sobrevoarmos o universo das novelas de aventuras creadas por Jules Verne, mais tamén a imaxinarmos futuros nos que volver xerar relatos quiméricos afastados do pesimismo actual.

Un lugar onde vencer novas batallas, conquistar lugares case descoñecidos e pór de novo en valor a calidade humana que nos fai diferentes: a nosa capacidade de imaxinar.

Teatro contemporáneo

Duración: 60 minutos

Recomendado a partir de 6 anos e público adulto

4



Domingo 9 de novembro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

MOLTO BARROCO

Píscore (Galiza)

Molto Barroco é unha reivindicación das composicións musicais barrocas desde o teatro.

Con motivo do baile de petición de man da súa prometida, o rei encarga ao compositor da corte unha peza orixinal. Esta solicitude desencadea unha serie de escenas cómicas entre os tres músicos de cámara, o rei, a súa prometida e, se cadra, futura rainha e o compositor. Un triángulo amoroso que contará coa complicidade dun bufón de actitude irreverente.

- Espectáculo seleccionado para o certame Barroco Infantil do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro 2024

Comedia musical

Duración: 70 minutos

Recomendado a partir de 5 anos

5



Domingo 16 de novembro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

ANDALE BON APPETIT

Teatro dos Ghazafellos (Galiza)

Ándale, bon appétit! é unha reposición que fai Teatro dos Ghazafellos da súa exitosa obra *Bon appétit*. Nesta ocasión, os nosos queridos chefs Felipe, Antonio e Francisco prepararán deliciosos pratos mexicanos facendo un pequeno repaso pola historia do país. *Tamales, enchiladas, tacos...* unha chea de receitas aderezadas co humor dos Ghazafellos e acompañadas coa aparición de personaxes como Pancho Villa ou Frida Kahlo. Como sempre, a participación do público será imprescindible.

- A peza foi finalista como mellor proposta para público familiar nos Premios María Casares 2024

Comedia *clown*

Duración: 50 minutos

Recomendado a partir de 5 anos

6



Domingo 23 de novembro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

MR BO

Compañía: Marie de Jong (Euskadi)

Tres criados levan toda a vida servindo o señor Bo. Están tan afeitos a cumprir as ordes do amo, que esqueceron o día no que tiveron a oportunidade de berrar «abonda». Os tres criados xogan a imaxinar como sería o mundo se eles fosen os señores da casa.

Como nos comportamos cando nos encontramos, cara a cara, coa tiranía?

- Premio mellor espectáculo de sala de La Mostra de Igualada 2024
- Espectáculo finalista Premios Max de teatro 2025
- Nominación Premios MAX 2025 ao mellor espectáculo para público infantil, xuvenil ou familiar, mellor deseño espazo escénico, mellor deseño de vestuario e mellor produción infantil e familiar.

Teatro de máscaras, mudo

Duración: 50 minutos

Recomendado a partir de 5 anos



DOMINGOS DO PRINCIPAL

TEATRO PARA TODA A FAMILIA

DO 12 DE OUTUBRO AO 23 DE NOVEMBRO DE 2025

VENDA ANTICIPADA

Venda anticipada ata esgotar as localidades

Ataquilla

OS DOMINGOS NO TEATRO PRINCIPAL

Entrada única: 4,00€
Abono 6 funcións: 18,00€

(máis gastos de tramitación)

Billeteira aberta 1 hora antes de cada función

ABONOS

Podes mercar o teu abono exclusivamente por internet.

Poderás escoller entre dous tipos de abono:

- 1) Abono de mañá: Darache acceso ao pase matinal das 12:00 h nas 6 funcións do Teatro Principal.
- 2) Abono de tarde: Darache acceso ao pase de tarde das 18:30 h nas 6 funcións do Teatro Principal.



DOBRE FUNCIÓN

12:00 e 18:30 h

Ten en conta que para acceder ao recinto cada espectador debe ter unha entrada, independentemente da súa idade e de se ocupa ou non butaca. Neste folleto poderás consultar a idade mínima recomendada para cada función.

BUTACAS

As funcións de Domingos do Principal teñen as butacas numeradas.

1



Domingo 12 de outubro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

COMPAÑÍA

Xanpatito Pato (Galiza)

Un personaxe solitario en busca de compañía explora a imaxinación do público para dar vida a cada un dos seus pensamentos. Este proceso faíno sentir en compañía e abre un camiño cheo de sorpresas e risos.

Un espectáculo no que o teatro de monicreques e o mundo do circo se entrecen nunha fermosa historia onde todas as engrenaxes xiran á perfección creando un mundo surrealista e onírico nun relato sen palabras.

Circo teatro

Duración: 50 minutos

Recomendado a partir de 6 anos e público adulto

2



© Sabela Eiriz

Domingo 19 de outubro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

MONSTROS

Producións Excéntricas (Galiza)

É unha visión terrible, pavorosa. Intúense seres saídos dos peores pesadelos agachados entre as sombras. O nervio e o terror apodéranse do ambiente, as palabras atropélanse nas bocas. Será certo que aquel lugar está habitado por un monstro? Si, iso parece.

Monstros é un espectáculo familiar que reflexiona sobre aquilo que consideramos monstruoso e que talvez por iso nos fai sentir terror. Pero faíno desde o humor, porque a risa é o mellor antídoto contra o que nos asusta.

- Premio María Casares 2025 ao mellor espectáculo infantil

Teatro de actor

Duración: 50 minutos

Recomendado a partir de 8 anos

DOMINGOS DO PRINCIPAL

Escanea o QR para descargar o PROGRAMA



Concello de Pontevedra



Coordinado por:

